

Bloque

Mondoñedo

Número 1. Época 1ª / Abril 2007

“ Unha candidatura integrada por persoas con dispoñibilidade, capacidade e experiencia ”

Envío Postal sen enderezo



O noso obxectivo é mellorar a calidade de vida e o benestar social dos Mindonienses

Traballar polo desenvolvemento do concello e polo benestar dos veciños e veciñas, conxunta e coordinadamente co actual goberno galego, é prioritario para a candidatura que vos presentamos. Unha candidatura que desde o compromiso e a solidariedade, con diálogo e participación social persegue a mellora da calidade de vida e o benestar social dos mindonienses. Unha candidatura integrada por persoas con dispoñibilidade, capacidade e

experiencia para acadar obxectivos de ampliación e mellora dos servizos sociais, para satisfacer as demandas dos nosos maiores, xuventude e infancia, de posta en valor do noso patrimonio cultural e natural, de promoción turística, de mellora dos servizos, equipamentos e infraestruturas na zona rural e urbana, de fomento do emprego, de aplicación de políticas de rehabilitación e acceso á vivenda.



opinión

FALTA TEXTO



www.bng-galiza.org

Edita: BNG Mondoñedo

Orlando González Cruz, candidato á alcaldía de Mondoñedo polo BNG

“Quero ser un alcalde cercano aos

M. Orlando González Cruz, nace no barrio de San Lázaro en 1948, emigra aos 12 anos a Uruguai e alí compaxina diversos traballos cos estudos de medicina na Universidade de

Montevideo. Finaliza a carreira en 1978 e volta a Mondoñedo no ano 1984 ónde exerce a súa profesión de médico. Presentase ás próximas eleccións municipais como candidato á Alcaldía do

Concello de Mondoñedo na lista do BNG.

1ª.-¿Por qué decide presentarse como candidato á Alcaldía de Mondoñedo?

Existen varias razóns ou motivos, entre os que destacaría o meu interese por traballar polo desenvolvemento do noso municipio e polo benestar dos seus veciños e veciñas. Ademais considero que o BNG é unha opción que defende

“ A xestión do actual goberno municipal está esgotada ”

os intereses dos galegos e galegas con honestidade e rigor desde posicións plurais e progresistas e que o grupo humano que conforma a candidatura reúne capacidade, experiencia e dispoñibilidade para traballar polo concello, e isto para min é unha garantía.

2ª.-¿Cre necesario un cambio de goberno no Concello?

Por suposto que si...e creo tamén que é o momento adecuado para elo, xa que a xestión do actual goberno municipal está esgotada, como podemos comprobar se



veciños e veciñas”

miramos o abandono do casco e das parroquias, e as circunstancias políticas en Galiza son as propicias para un cambio de goberno no Concello.

3ª.- ¿Porqué considera esgotada a xestión do goberno municipal actual?

O goberno dos últimos oito anos tivo, ao meu xuízo, dúas fases claramente diferenciadas: Unha primeira na que se levaron a cabo algúns proxectos costosos co apoio das Administracións exteriores e unha segunda fase, que coincidiría con estes últimos catro anos, na que se perpetuaron os da primeira e non se concretou ningún proxecto novo que incidira no benestar cidadán e na dinámica socio-económica do concello. Proba do que estou a dicir témola nos presupostos dos dous últimos exercicios, nos que non se consignou nengunha cantidade para investimento real tanto no ámbito urbano como no rural. A isto é ao que me refiro cando digo que a xestión do actual goberno está esgotada.

4ª.-¿Por qué dí que as circunstancias son propicias

Porque o BNG goberna na Xunta de Galicia e xestiona Consellerías (Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, Vivenda, Medio Rural, Cultura e Deporte e Industria e Turismo),de vital importancia para un concello

“As circunstancias políticas en Galiza son as propicias para un cambio de goberno no Concello”

como o de Mondoñedo, que polas súas características, necesita que se leven a cabo medidas en materia de servizos sociais para o benestar da terceira idade, xuventude e infancia, de igualdade de xénero, de rehabilitación de vivendas e recuperación de espazos urbanos, de promoción do turismo, cultura e deporte e de atención e potenciación das zonas rurais até agora marxinaladas.

5ª.-¿Podería concretar algunha proposta de xestión?

Entendo prioritaria a redacción dun Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM),a creación dun Centro de Día Residencial de titularidade e xestión pública, finalizar as concentracións parcelarias da zona norte (parroquias de Vilamor, Masma e Coubeira) e das Sasdónigas, ir completando a rede de saneamento, a revitalización do casco histórico adquirindo inmobles para a súa rehabilitación e acondicionamento como vivendas de promoción pública, potenciar o Camiño Norte, declarar as covas do Rei Cintolo como monumento natural, potenciar o turismo, crear unha rede de museos municipais...

6ª.-¿Cál vai ser o seu xeito de gobernar?

Ante todo considero necesario o diálogo e a participación social. Quero ser un Alcalde cercano aos veciños e veciñas, que terá en conta toda-las aportacións e propostas que benefician ao conxunto da poboación; proveñan de onde proveñan.

A Contracapa

O abandono ao que estan sometidos o ámbito urbano e o rural en materia de servizos, equipamentos e infraestrucuras básicas é realmente preocupante. Veláí catro exemplos dos moitos que poderíamos sinalar:

MEDIO RURAL

Hai uns seis anos que o goberno municipal creou en Masma un proxecto de invernadoiros coa intención de provocar un “efecto demos-



tración” no sector hortícola, e no medio rural, e no que se investíron arredor de 250.000 euros. Dos 10 instalados tan so funcionan 4, e os restantes estan sen adxudicar pese ás diversas solicitudes presentadas. O estado en que están fala ás claras do modelo de xestión e do interese dos nosos gobernantes por potenciar este eido.

PATRIMONIO

Durante a practica totalidade deste mandato a balaustrada da praza da catedral permaneceu no estado que reflicte a fotografía. Ademais do perigo que supón, non deixa de ser unha mostra máis do escaso interese do goberno municipal



por preservar e poñer en valor o noso patrimonio. E aínda é máis grave por trátarse da zona central e emblemática da cidade, pero o mesmo poderíamos decir do estado das rúas, ou de espazos como a fonte vella, a alcántara, o cemiterio vello...

MEDIOAMBIENTE

Os vertedoiros que o concello creou durante anos na estación de bombeo e na nave municipal, no Coto da Recadieira, son coñecidos por todos. Como se



pode promover por unha banda a recollida selectiva entre a poboación, e por outra tirar e queimar todo tipo de residuos en vertedoiros como o da fotografía? Un comentario similar poderíamos facer sobre o estado dos ríos, do funcionamento da depuradora, do cheiro que desprenden os contenedores de lixo ou das carencias ou inexistencia, de adecuadas redes de saneamento tanto na zona urbana como na rural.

TURISMO

O barrio dos muiños é un dos lugares de visita obrigada. Un barrio popular de clara vocación turística que o Concello presenta “Como zona coidada con



esmero” e rehabilitada. A fotografía amosa o estado de abandono dos espazos que o propio concello pretende promocionar do punto de vista turístico. O mesmo se pode dicir do Camiño de Santiago, das rutas de sendeirismo, ou da estéril liorta entre o Concello e a Federación Galega de Espeleoloxía que trouxo como resultado o peche da Cova do Rei Cintolo.

axenda

Desde este espazo queremos convidarte a participar na cea-presentación da Candidatura do BNG de Mondoñedo, que terá lugar o venres 27 de Abril, ás 21:30 horas, no Hotel Restaurante Montero. As tarxetas de asistencia para este evento estarán á venda no propio Hotel Restaurante Montero, A Taberna do Valeco, Café Bar Central e Café Bar O Castro. Prezo por cuberto 18 euros.

Como contactar co BNG de Mondoñedo:

FALTA TEXTO

